

Resolución do 3 de xuño de 2026, para nomear e publicar a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso, polo sistema de promoción interna, na escala técnica, técnico/a en equipamentos, subescala de equipamentos e almacéns, grupo B.

Mediante a Resolución do 10 de decembro de 2025 (DOG do 22 de decembro de 2025), convocáronse probas selectivas para o ingreso polo sistema de promoción interna, na escala técnica, técnico/a en equipamentos, subescala de equipamentos e almacéns, grupo B.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 136 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 06 de outubro (DOG do 27 de outubro), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición do tribunal, no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para o ingreso polo sistema de promoción interna, na escala técnica, técnico/a en equipamentos, subescala de equipamentos e almacéns, grupo B.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría segunda das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023.

A Coruña, asinado dixitalmente

O reitor

PD A xerenta (RR 10.07.2024)

M^a Jesús Grela Barreiro



ANEXO

TRIBUNAL TITULAR

Presidente: Bernardo Lage Arias, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Patricia Alonso Alonso, funcionaria da Universidade da Coruña
Amelia Fraga Mosquera, funcionaria da Universidade da Coruña
José Luis Méndez Otero, funcionario da Consellería de Educación, Ciencia,
Universidade e FP.

Secretario: José Antonio García Castro, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.

TRIBUNAL SUPLENTE

Presidente: M^a Jesús Caínzos López, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

Elena Fernández Dopico, funcionaria da Universidade da Coruña
Alicia Cantarero Roldán, funcionaria da Universidade da Coruña
Celina Casabella Vancrayelynghe, funcionaria do Concello da Coruña

Secretario: José Alejandro Arévalo Pías, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.